

EXPEDIENTE: 4681/2022

ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECTIVO MESTRE REPOBOACIÓNS OBRADOIRO DE EMPREGO
DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por decreto de 22/09/2022 resolveuse declarar a relación inicial de persoas candidatas incluídas e excluídas presentadas ao abeiro do proceso selectivo dun/ha mestre/a de repoboacións forestais e tratamentos silvícolas do Obradoiro de Emprego Xestión Forestal Torre de Goiáns II Boiro ao abeiro das bases de selección aprobadas con data 12/09/2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 176 de data de 15/09/2022, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello www.boiro.gal.

Con posterioridade á sinatura deste decreto, advírtese polo departamento de persoal que o número de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo foi de 7 e non de 6, xa que faltaba por incluí-la solicitude presentada por Dna. MARIA ANGELES MIGUENS GARCIA a través da Sede Electrónica do Concello de Boiro.

Procede, en base á presentación desta solicitude en tempo e forma, subsana-lo erro padecido no decreto de data de 22/09/2022 n.º 2022-1083 coa finalidade de adaptalo aos datos correctos.

Segundo o artigo art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen esta convocatoria, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar o listaxe de persoas candidatas no proceso dun/ha mestre/a repoboacións forestais e tratamentos silvícolas do Obradoiro de Emprego Xestión Forestal Torre de Goiáns II que constan no decreto nº 2022-1083 de data de 22/09/2022 e, en consecuencia, incluír a solicitude presentada por Dna. MARIA ANGELES MIGUENS GARCIA neste proceso selectivo.

Segundo.- Asemade, declarar á candidata Dna. MARIA ANGELES MIGUENS GARCIA provisionalmente admitida no proceso selectivo dun/ha mestre/a repoboacións forestais e tratamentos silvícolas do Obradoiro de Emprego Xestión Forestal Torre de Goiáns II Boiro por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento.

Terceiro.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina Web www.boiro.gal, esta rectificación da listaxe provisional de admitidos e excluídos, concedendo ó interesado un prazo de dous días naturais a contar dende o día seguinte o da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.

Cuarto.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

O ALCALDE

O SECRETARIO

